

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA)
CELEBRADO O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2019**

ASISTENTES

ALCALDE EN FUNCIONS

Alberto Iglesias Fraguela

CONCELLEIROS/AS

GRUPO P.S.deG-PSOE:

Jonathan I. Miranda Lucas

Mª José Fraguela López

Ana I. Fachal Fraguela

Ana B. Gómez Aneiros

GRUPO PP:

Ana Mª López Fernández

Mª Elisa Rodríguez Cornide

GRUPO MIXTO:

X. Uxío Cerecedo González

AUSENTES:

José M. Alonso Pumar

Carmen del Río Fraguela

José Luís Pérez Pérez

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:

Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día vinte e nove de novembro de dous mil dezanove, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben

ORDE DO DIA:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES: 04/10/2019 E 21/10/2019

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 443/2019 DE 07/10/19 ATA A PRESENTE CONVOCATORIA

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

3º.- DACIÓN DE CONTA DA RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, POLO QUE SE MODIFICA O PROXECTO RELATIVO Á URBANIZACIÓN DA RÚA DO CADRO (POS+ ADICIONAL 1/2019).

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2018

5.- MOCIÓNS

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

.....

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR: 04/10/2019 E 21/10/2019

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), o Alcalde pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ás actas das sesións anteriores, de 04/10/2019 e 21/10/2019, respectivamente, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

A acta de 04/10/2019 é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, coa abstención de Ana Belén Gómez Aneiros, por non asistir á mesma.

A acta de 21/10/2019 é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, coa abstención de Ana Mª López Fernández e Ana I. Fachal Fraguela, por non asistir á mesma.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 443/2019 DE 07/10/19 ATA A PRESENTE CONVOCATORIA.

O Pleno quedou enterado dos Decretos de Alcaldía de referencia.

3º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, POLO QUE SE MODIFICA O PROXECTO RELATIVO Á URBANIZACIÓN DA RÚA DO CADRO (POS+ ADICIONAL 1/2019).

O pleno corporativo quedou enterado do acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/11/2019, que di:

4.3.- PLAN ADICIONAL 2: MODIFICACIÓN DO PROXECTO RELATIVO Á URBANIZACIÓN DA RÚA DO CADRO E RENOVACIÓN DE SERVIZOS.

Visto o requirimento da Deputación provincial de data 25/10/2019, no que indica que revisada a documentación presentada da obra de referencia, atopáronse determinadas deficiencias que resulta preciso subsanar.

Visto o informe técnico de data novembro de 2019.

.....

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, e en votación ordinaria,

ACORDA:

PRIMEIRO: Modificar o proxecto relativo á urbanización da rúa do Cadro e renovación de servizos, no seguinte sentido:

-Elimínase do prego de prescricións técnicas particulares aquelas condicións que deben formar parte do prego de condicións administrativas pola que se rexerá a execución da obra.

-Xustifícase que non é preciso a redacción dun Estudo de Seguridade e Saúde e que polo tanto é suficiente co Estudo Básico presentado.

-Achégase lista de prezos auxiliares.

-Incorpórase na documentación gráfica, así como nas medicións, os distintos pavimentos táctiles.

-Represéntase nos planos os distintos vaos peonís, ou calquera desnivel que afecte á beirarrúa, xustificándose o cumprimento da normativa estatal e autonómica de accesibilidade.

-Xustifícase o cumprimento dos requisitos dos pasos de peóns.

-Achégase plano de detalle da varanda metálica, cumprindo as especificacións da normativa de accesibilidade.

SEGUNDO: Acordar non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto. Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación, de conformidade co informe técnico de data novembro 2019, que se transcribe a continuación:

“ (...)Os motivos de non dividir en lotes as obras contempladas en proxecto responden a multitude de motivos de todo tipo: económicos, loxísticos, técnicos e medioambientais. Expóñense a continuación algúns dos motivos que levaron ao Concello de Cariño á non división en lotes das obras de referencia: - É de esperar un menor custo de execución das obras en caso de non dividilas en lotes: ao tratarse dunha zona de actuación moi concreta e limitada, unha división dos traballos en lotes implicaría a posible multiplicación de maquinaria e man de obra, e polo tanto dos custos. Ademáis, se cada lote fose adxudicado a un contratista distinto veríamos con máis dun equipo de traballo nunha superficie de traballo moi pequena e rodeada de vivendas, onde non sería tecnicamente necesario nin economicamente sostible, ademáis de complicar enormemente a loxística pola presenza de multitude de medios humanos e materiais nun entorno tan limitado de espazo. Ademáis, o feito de ter uns equipos de traballos sobredimensionados para o tipo de actuación e a súa extensión, implicaría tamén unhas custos medioambientais moi superiores. En relación

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

directa co anterior, se as obras se dividisen en lotes e estes fosen adxudicados a distintos contratistas, serái necesaria unha total coordinación entre éstos de cara á correcta execución dos traballos de xeito conxunto. Este tipo de complicación loxística desaparece completamente evitando a división en lotes dos traballos de proxecto. Xa por último, outro efecto indesexable da división en lotes destas obras para a urbanización da rúa do Cadro e renovación de servizos, en relación directa coa loxística mencionada no punto anterior, sería o aumento das posibilidades de que se produzan erros técnicos ou defectos por deescordinación durante a execución das obras. Considérase polo tanto, á vista do exposto, que neste caso concreto das obras para a urbanización da rúa do Cadro e renovación de pavimentos a súa división en lotes non suporía beneficio algún para ningunha das partes, xa que implicaría un incremento dos costes mencionados (económicos, técnicos, medioambientais...) tanto para o Concello de Cariño como para as empresas licitadoras pero sen recibir contraprestación algunha.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á Deputación provincial da Coruña.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2018

Vista a proposta de acordo de 16/11/2019, que di:

Vista a Conta Xeral do exercicio 2018, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que o Titular da Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2018, xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo.

Visto que se remataron os devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal procedeu a emitir os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas deste Concello en sesión celebrada en data 12/09/2019 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2018.

Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 184, de data 27/09/2019, a Conta Xeral –juntamente co informe de devandita comisión- foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que non se formularon alegacións á Conta Xeral.

Esta Alcaldía eleva ao Pleno corporativo, a seguinte proposta de ACORDO:

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2018, comprendido pola Conta Xeral do propio Concello.

SEGUNDO: Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (e órgano autonómico), tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Uxío Cerecedo comenta que se vai a abster, non porque lle parezan mal as contas, pero pola cuestión de que se presentan fóra de prazo, xa que se está practicamente no mes de decembro.

Jonathan Miranda intervén dicindo que a Conta foi dictaminada na Comisión Informativa correspondente, posta a disposición do público e que non houbo alegación, polo que se trae a pleno para a súa aprobación, se procede.

O Pleno corporativo, por cinco votos a favor do grupo municipal PSdeGa e tres abstencións dos grupos municipais do Partido Popular e Mixto

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2018, comprendido pola Conta Xeral do propio Concello.

SEGUNDO: Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (e órgano autonómico), tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

5.- MOCIÓNS

5.1.-MOCIÓN PRESENTADA EN DATA 24/10/2019 (RE Nº 1.868) POR VÍA GALEGA, PLATAFORMA PARA A DEFENSA DOS DEREITOS NACIONAIS DE GALIZA, SOBRE A EMIGRACIÓN.

“ No poema Pra a Habana !, a nosa poeta, Rosalía de Castro, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

156 anos despois da publicación de Cantares Gallegos este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, nos últimos 10 anos (2008-2017—ltimos datos dispoñíbeis) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalia escribiu Pra a Habana! a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situabase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade “a Galiza mingüante” e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito o Pleno do Concello adopta os seguintes acordos:

-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

-A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

-A creación de emprego digno e de calidade.

-O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

-O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogadeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC”.

Uxío Cerecedo comenta que está de acordo coa moción, que é bastante axeitada e comedida pero que podía ser máis reivindicativa. Considera que hai que facer algo co tema da despoboación da xuventude, que a xente probablemente mellor preparada de toda a historia de Galicia, que teñen que buscar traballo fóra porque aquí non se lles axuda.

Ana M^a López di que están de acordo coa moción pero que pensan que dende os Concellos hai que ofrecer maior apoio ás empresas, e poñer os medios oportunos para que se cree emprego. E que hai que ter solo e parcelas para poñer a disposición da xente, e que iso é traballo dos Concellos.

Jonathan I. Miranda comenta que esta moción non é presentada polo seu grupo, pero que vai na liña dunha moción presentada en plenos anteriores, para que as Administracións públicas teñan en conta aos Concellos, e que precisamente, o último parágrafo da moción, que se refire a iso.

Ana M^a López comenta que hai que traballar no tema e que nos últimos catro anos non se viu ningún movemento no equipo de goberno en relación con isto.

O Pleno Corporativo, por unanimidade dos seus membros

ACORDA:

-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

-Deben ser eixos destas políticas:

-A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

-A creación de emprego digno e de calidade.

-O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

-O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogadeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC”.

5.2.-MOCIÓN PRESENTADA EN DATA 26/11/2019 (RE N° 2.011) POLO REPRESENTANTE DO GRUPO MIXTO, SOBRE O CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS DE TRANSPARENCIA INFORMATIVA E COMUNICACIÓN VECIÑAL.

“Exposición de Motivos

O Goberno Municipal do PSOE, que renovou o seu mandato no 2019, ten insistido en varias ocasións na súa intención de impulsar a transparencia informativa e a comunicación cos veciños e veciñas.

Sen embargo, tanto na anterior lexislatura como na actual, botamos en falta que esta transparencia se concrete en feitos. Desde o BNG sempre fomos partidari@s de que se proporcionase aos veciños e veciñas, e por suposto aos membros do Pleno, toda a información necesaria para estar ao tanto do traballo do Concello, así como solicitamos en numerosas ocasións que se faga pública a data e hora da celebración dos plenos, algo básico e sinxelo.

Temos queixa de como se está comportando este Goberno a este respecto. Empezando por algo que pode parecer anecdótico pero que resulta bastante molesto, como é que a información sobre actos, actividades, etc.. municipais se publica no Facebook pero non na web do Concello.

Pero hai incumprimentos que nos parecen máis graves e cremos necesario que se corrixan de contado. Non se convocaron os Consellos de Participación veciñal nin as Asembleas Veciñais. Estas últimas non son, como o Alcalde pareceu suxerir na anterior lexislatura, un encontro informal, sen darlle debida publicidade, cos veciños que el decida, senón unha convocatoria aberta, cunha data e unha hora concretas.

Non é optativo executar estas xuntanzas recollidas na Ordenanza de Participación Veciñal: é obrigatorio e non vemos propósitos de cumprila, o que resulta non so lamentable para a comunicación cos veciños, senón ilegal.

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

Por outra banda, a información sobre proxectos, obras municipais de importancia, e, sobre todo, a modificación puntual do Plan de Urbanismo, non están a disposición pública, anunciado e publicitado como debería.

Por último, debido á persistencia de rumores sobre o cumprimento das horas de atención aos veciños por parte dos membros do grupo de goberno, temos constatado que existe malestar e descoñecemento sobre o horario de traballo dos mesmos. Consideramos necesario que se suprima calquera dúbida ao respecto, tal como teñen feito noutros concellos, facendo públicos os horarios de traballo e atención aos veciños dos membros do grupo de Goberno. Non se trata de fiscalizar ao minuto o traballo do grupo de Goberno, que sabemos que é por principio difícil, senón de normalizar a publicidade da axenda de traballo dos nosos representantes políticos. E poño o exemplo de Ames, onde o seu alcalde (do Partido Socialista) fixo exactamente isto, para satisfacción de representantes e cidadanía: dar conta ao pleno do seu horario de traballo e atención aos veciños e veciñas.

Proposta de acordo

Solicitamos o acordo de todos os membros do Pleno para chegar ao seguinte compromiso:

- 1- O Concello establecerá ao comezo do ano unha axenda coas datas dos encontros coa veciñanza e outros colectivos, que son obrigatorios segundo a Ordenanza de Participación Veciñal. En caso de cambios lóxicos nas datas ou horas, o Alcalde informará debidamente dos mesmos ao Pleno. Así mesmo, levantarase acta das reunións tanto cos veciños das parroquias como co Consello de Participación Veciñal, que recolla os asuntos tratados, os puntos de vista das persoas participantes e as conclusións ás que se chegase, e entregarse no primeiro pleno despois de realizados estes encontros.*
- 2- O Concello de Cariño fará pública na súa web toda a información que actualmente só aparece no seu FACEBOOK.*
- 3- O Concello poñerá a disposición dos veciños e veciñas, con tempo e mediante copia en papel no Concello para consulta libre e copia dixital na web do Concello, os proxectos de obra, orzamentos, proxectos de modificación urbanística e en xeral toda a documentación que poda facerse pública e que afecte á cidadanía. No caso de haber información que afecte á Lei de Protección de Datos, procederase a suprimir ou tachar esta información, sen que esta circunstancia poda ser impedimento para achegar ao público documentación de importancia como a citada.*
- 4- O Concello fará públicos os horarios de traballo dos Concelleiros e do Alcalde, así como os horarios de atención aos veciños. Darase conta ao pleno e publicarase na páxina web do Concello cal é o horario no que se pode solicitar cita tanto co Alcalde como cos Concelleiros e Concelleiras”*

Toma a palabra Uxío Cerecedo, di que cansados de que en tantos plenos se solicitara que fixeran públicas as convocatorias dos plenos, que piden agora con esta moción que compartan nas redes sociais a convocatoria dos plenos, e sobre todo, o que esixe a Ordenanza de participación cidadá. Engade que resulta

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

obligatorio cumprir as Ordenanzas e que o Concello debería dar exemplo, e que se non a queren cumprir que a eliminen.

Tamén comenta que en algún Pleno que faloron de que se fixera pública a modificación puntual do PXOM , que tiveran que bucear nas diversas Consellerías para conseguir a documentación. Considera importante que se respecten as Ordenanzas e que se faga máis transparencia dende o Concello.

Ana M^a López comenta que non é a primeira vez que se trae a Pleno esta petición, cren que é necesario tamén e que van a votar a favor porque canta máis información teñan os veciños mellor.

Jonathan I. Miranda di que eles non van a votar a favor, e comenta no que están a traballar. Que están a traballar en facer a páxina web máis accesible e sinxela, en colaboración coa Deputación, e que tamén se está coa sede electrónica e co portal de transparencia, e que xa se subiron documentos para actualizar.

Engade que o 8 de outubro que se fixo unha xuntanza coa poboación para explicarlles o funcionamento da sede electrónica, e que se fixo outra coas asociacións para explicarlles como tramitar as subvencións pola plataforma subtel da Deputación. E que tamén está convocada outra xuntanza coa Corporación nesta liña.

Uxío Cerecedo di que non se ven resultados, a pesar de que din que están traballando. Pregunta porque non fan pública a convocatoria dos plenos, e se existe algunha razón para non facelo, porque el non o ve tan complicado. Di que hai cursos para acceder á sede electrónica, pero pregúntase para qué, xa que non se colga nada na sede. Insiste en que hai que compartir máis información na páxina web, que é fundamental.

Jonathan Miranda comenta que se está formando ao persoal para que poidan subir información á páxina web.

Uxío Cerecedo pregunta por qué non publican a convocatoria dos plenos na páxina web.

Alberto Iglesias toma a palabra, di que independentemente da moción, que se debería saír con un acordo do pleno de que as convocatorias se fixesen públicas.

Comenta que na moción que se fai referencia a rumores, e que eles non traballan con rumores senón con feitos, e que eles traballan todos os días, a todas horas, e que a cidadanía pode chamar a calquera hora, que se lles atende.

Uxío Cerecedo di que unha forma de evitar os rumores na rúa é a transparencia.

Alberto Iglesias di que el non ten chamadas que non devolveu en catro anos, e que iso non é un rumor, é un feito.

Uxío Cerecedo di que debería colgarse na web a axenda dos concelleiros.

Jonathan I. Miranda resposta que na páxina web están colgados os teléfonos do Alcalde e os concelleiros e os seus correos electrónicos. Engade que él recibe wasaps ás 10 da noite, e que está disponible a calquera hora, e que atende a todo o mundo.

Uxío Cerecedo pide que se fagan públicas as convocatorias dos plenos e que convoquen as asembleas veciñais.

O Pleno corporativo, por cinco votos a en contra do grupo municipal PSdeGa e tres votos a favor dos grupos municipais do Partido Popular e Mixto, DESESTIMA A MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Alberto Iglesias explica que acordaron co Alcalde que as preguntas que se fixeran por escrito, e que se respostarán no vindeiro pleno.

Uxío Cerecedo realiza as seguintes **PREGUNTAS:**

-Pregunta sobre unha transferencia de crédito que se realizou no mes de outubro, xa que lle chama a atención os 60.000 euros que saen da partida de fomento do emprego. O expediente é o 2019/G003/000488.

-Pregunta polo levantamento de reparo en relación coa certificación de obra da rúa Concepción Arenal.

Alberto Iglesias contesta que a Interventora reparou porque non se cumpriron os prazos pola empresa adxudicataria.

-Pregunta pola memoria relativa ao 2º Plan de Igualdade.

Mª José Fraguela resposta que está feita pero que se atopa trasapelada.

-Pregunta como está a solicitude de recalificación do catastro do porto comercial, co obxecto de que pague o IBI máximo. Que existe documentación de Portos que di que se trata de un porto comercial, cando analizaron o tema do dragado.

Alberto Iglesias comenta que o contestará o Alcalde no vindeiro Pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta e dous minutos.

O Alcalde en funcións

A Secretaria

Asdo:- Alberto Iglesias Fraguela

Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal